

- Cando xustificamos a violencia. Cando buscamos condicionantes ou eximentes que sirvan de escusa (estaba enfermo, era alcohólico, virou tolo). Tamén cando culpabilizamos a vítima (algo faría, que facía a esas horas soa, como ía vestida, ela consentiu, etc). Mesmo cando minusvalorizamos os feminicidios, e, porén, reaccionamos inmediateamente contra outro tipo de asasinatos.
- Cando no ámbito da parella controlan os sentimentos, as emocións, o tempo, o espazo, as amizades, o traballo, o xeito de falar e vestir e calquera actividade da parella. Asume que debe gozar de todos os dereitos e a muller só de obrigas e responsabilidades. Poden facelo sutilmente ou mesmo chegar á agresión.

Recoñecer estas actitudes non significa aceptar que vivimos nunha sociedade que perpetúa a desigualdade e a diferenza entre mulleres e homes, e que agocha a discriminación e a violencia contra as mulleres, porque esta é a manifestación máis rexeitábel da cultura da violencia machista. É preciso un maior investimento público nos programas de atención e protección das vítimas, penalizando os agresores evitando que poidan reincidir. Mais isto non abonda se non intervimos nas causas da violencia de xénero. Para irmos á raíz, temos que ir ás orixes, valores e condutas xerados pola cultura dos xéneros e propiciar cambios e alternativas.

**O cambio comeza por cada unha e cada un de nós**

**Actuemos Deconstruámonos**

**ERRADIQUEMOS A CULTURA DA VIOLENCIA MACHISTA**

**Secretaría Confederal da Muller**  
Confederación Intersindical Galega

Alfonso Molina s/n, 8º andar Edificio sindical  
15008 A Coruña

**Teléfonos:** 981 169 293 (centraliña)  
981 900 633 (directo)  
Fax. 981 151 539

**Correos:**  
muller@galizacig.net



# ERRADIQUEMOS a cultura da VIOLENCIA machista



**25** de novembro

**Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres**



# ERRADIQUEMOS a cultura da VIOLENCIA machista

**Para erradicar a cultura da violencia machista é preciso detectar o machismo, crear conciencia e mudar condutas.**

Esta campaña está dirixida a identificar comportamentos, actitudes e ideas discriminatorias, que forman parte da cultura da violencia contra as mulleres.

A violencia de xénero presenta unha serie de características diferenciais que a fan distinta ao resto das agresións: actívase por causas inxustificadas ou nimiedades, e ten por obxectivo deixar de manifesto quen ten a autoridade da relación. Non pretende inicialmente ferir, senón dominar, de aí que o agresor normalmente reconece a autoría. Introducen medo e terror, aleccionando a todas as mulleres. É unha violencia estrutural que sostén unha determinada escala de valores, unha cultura da dominación desde o ámbito privado, que reforza a orde estabelecida dentro do sistema patriarcal.

A violencia contra as mulleres está relacionada coa desigualdade de xénero porque as accións violentas son o resultado da idea do dominio masculino e dos valores que reflicten este poder sobre as mulleres. A gran forza de discriminación masculina reside en que é recoñecida e, en ocasións, admitida polas mulleres.

O perfil do xénero masculino variou pouco (o ideal do home patriarcal segue a

ser o do heroe, competitivo, valente, duro, agresivo), mentres que o das mulleres si conquistou importantes cambios (ao traspasar o ideal servidor e submiso, dependente do fogar, do espazo privado, encargadas do coidado e das tarefas domésticas, para se introducir na esfera pública, e participar aínda que lentamente como os homes na política, na xurisprudencia, e posuír riqueza e poder). Unha revolución silenciosa que, aos poucos, vai modificando a lexislación, a moral e a escala de valores que até hoxe formaba parte do patriarcado. Avances que aínda non chegaron ao ámbito de socialización, onde seguimos fomentando a permanencia do sistema sexo/xénero, as asignacións de xénero en función do sexo da persoa, que contan, ademais, coa complicidade e reforzo das leis do mercado e consumo capitalistas, interesadas en manter os roles de xénero tradicionais.

Porque, aínda que non o recoñezamos, formamos parte dunha sociedade machista e violenta. Recibimos a diario mensaxes que pretenden amosarnos como ser home ou muller. Unha dicotomía que non permite máis opcións. Multitude de mensaxes enviadas polos medios de comunicación, a nosa familia, as amizades, no posto de traballo. É difícil fuxir deles e non reproducilos. Porque o machismo e a violencia non é exclusivo dunha determinada clase social; existe en calquera estrato e lugar.

Por iso lanzamos esta campaña. Para que fagamos unha auto avaliación: eu son machista? Identifiquemos actitudes habituais que agochan un claro ou sutil machismo (xeitos non evidentes de reproducir roles sexistas). Porque temos que ter presente que o machismo non é só a agresión física a unha muller. A violencia non só implica golpes, tamén inclúe as ameazas, a arrogancia, as descualificacións, a discriminación, o abuso verbal, o abuso emocional, o acoso...

## Algún dos exemplos de actitudes machistas son:

- Se nos amola que unha muller interrompa cando fala, pero parécenos normal interrompela por considerar que a súa opinión é irrelevante ou está trabucada.
- Se amosamos aburrimiento ou mesmo desconectamos cando fala unha muller.
- Formular opinións denigrantes, sarcásticas e vexatorias cara ás mulleres. Minusvalorizar o traballo e a opinión das mulleres, mentres hipervalorizamos as calidades e achegas dos homes.
- Se invisibilizamos o contributo das mulleres á historia e ao desenvolvemento da sociedade, aceptando e espallando só a visión masculina.
- Cando manifestamos que unha muller en idade fértil ten maior absentismo laboral ca un home, criticamos que un compañeiro ou compañeira se acolla a permisos relacionados coas responsabilidades familiares, ou cando denominamos e valoramos unha categoría profesional con distinta remuneración dependendo de se a realiza un home ou unha muller.

- Se empregamos unha linguaxe sexista que non nomee as mulleres ou que empregue acepcións discriminatorias dependendo do sexo.
- Aquela persoa que non coopera nin ten relacións de equidade e camaradaría ou compañeirismo coas mulleres. Que cando colabora fai ver que é unha situación puntual e de favor.
- É prepotente. Nunca reconece os erros, xustificará a súa actitude e fará culpábel a persoa que ofende.
- Paternalismo: exercer o poder sobre as mulleres desposuíndoas do seu poder de decisión, para concedérllelo a outros. Un exemplo desta actitude podemos atopalo na violencia contra a liberdade reprodutiva (vulnerar o dereito das mulleres a decidir libremente o número de embarazos e intervalo dos nacementos), violencia obstétrica (trato deshumanizado, abuso de medicalización e patoloxización dos procesos naturais das mulleres).
- Coas crianzas: cando se emprega un ton diferente na comunicación en función do sexo da persoa á que vai dirixida a mensaxe: rudo para o sexo masculino e doce para o sexo feminino; ou unha linguaxe sexista que afonda no rol submiso fronte o rol activo (a miña princesa/o meu campión) reforzando estereotipos de xénero: a beleza física das nenas e a fortaleza dos nenos; cando agasallamos con xogueteos diferentes (ás nenas bonecas e utensilios do fogar, e aos nenos armas, construcións, coches).
- Cando fomentamos a violencia. Non aprendemos métodos de resolución de conflitos a través do diálogo, senón da imposición da forza, do uso da violencia. Cuestionamos a resolución pacífica e minusvalorizamos que non se exerza.